

A PROSTITUCIÓN
É O TRABALLO
MÁIS ANTIGO,
XA NO IMPERIO
ROMANO...

POIS VEÑA,
LEGALICEMOS AGORA
TODAS AS ESCRAVITUDES
DAQUELA ÉPOCA.



XUNTA
DE GALICIA

galicia



- Segundo un estudo realizado en 9 países, o 62% das mulleres en prostitución foron agredidas sexualmente e/ou violadas.
- As mulleres en prostitución corren un risco 40 veces máis grande de ser asasinadas que o resto da poboación feminina.
- En Holanda, onde a prostitución é legal, o 60% das mulleres en prostitución foron fisicamente asaltadas nalgunha ocasión e o 79% foron prostituídas como resultado de coacción.
- En Suecia, dende a abolición da prostitución en 1999, caeu en 2/3 o número de mulleres prostituídas e un 80% a cifra de puteros na cidade de Estocolmo.

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista

A TRATA DE MULLERES
É POUCO COMÚN
E DÁSE
NOUTROS
PAÍSES

ESCOITACHES
FALAR
DA OPERACIÓN
CARIOCA AQUI
EN LUGO?



XUNTA
DE GALICIA

galicia



A VER, A PROSTITUCIÓN
EXISTE PORQUE FAI
UN SERVIZO, OS HOMES
TEMOS NECESIDADES

É QUE EU AS MIÑAS
RELACIÓNS SEXUAIS SÓ
AS DESFRUTO CANDO HAI
DESEXO COMPARTIDO



España é líder europeo en puteros. O 39% dos homes afirman ter acudido á prostitución algunha vez. Máis dun millón de homes compra diariamente a mulleres en prostitución.

Non existe un perfil de putero, pode ter calquera idade, profesión, estado civil ou procedencia. O grupo maioritario é o de homes entre 35-50 anos, casados ou en parellas e o 55% con unha ou máis crianzas.

Actualmente vese un aumento dos rapaces novos que acoden a prostitución como espazo de lecer.



Por que hai homes que elixen comprar o corpo de mulleres, chaman a esa operación sexo e disfrutan con elo?

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista

A PROSTITUCIÓN
TEN QUE VER COA
LIBERDADE
SEXUAL,
O DE MAIS
É MORALINA

LIBERDADE
SEXUAL...!!!!
DE QUEN?

onibus
café



Liberdade sexual supón desfrutar plenamente da túa saúde e dos teus dereitos sexuais, en base á igualdade e liberdade de calquera forma de discriminación, coerción ou violencia (OMS).

“A prostitución non é unha expresión de liberdade sexual das mulleres, senón que ten que ver, case sempre, coa violencia, a marxinação, as dificultades económicas e a cultura sexista e patriarcal. A clave para afrontar o problema pasa porque a sociedade recupere a capacidade de indignación ante esta forma de escravitude”.

“A prostitución non ten que ver con relacións sexuais e libres senón que se trata dunha cuestión de poder: a compra do acceso ao corpo das mulleres por parte dos homes para un acto sexual que supón en si mesmo a negación dos dereitos sexuais e reprodutivos, a autonomía sexual e o desexo desas mulleres”.

(UNESCO).

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista

NA PROSTITUCIÓN
GAÑAN MOITOS
CARTOS

SI, OS
PROXENETAS
A MOREAS



XUNTA
DE GALICIA

galicia



A explotación sexual move 99.000 millóns de dólares anuais (OIT, 2014). En España son 18.000 millóns de euros ao ano. Trátase do 3º negocio ilícito que máis diñeiro xera (despois das armas e a droga), un negocio que produce moitos cartos pero non precisamente para as mulleres en prostitución.

Quen máis se benefician son os proxenetas, puteiros, donos dos clubs, tratantes, medios de comunicación e outras institucións e persoas que obteñen ganancias da explotación sexual das mulleres.

Do diñeiro xerado, os donos dos clubs quédanse como mínimo co 40%, sen contar con outros custes que se lles cargan ás mulleres como son servizos, débeda e sancións.

Na análise dos beneficios que acadaba un xornal de tirada nacional cos anuncios de contacto, por 3-4 páxinas determinouse que gaña 13.000 euros ao día, 400.000 euros ao mes e nun ano os beneficios son arredor de 5 millóns de euros.
(Fundación Mujeres Progresistas).

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista

An illustration of a street scene. On the left, a woman with blonde hair, wearing a pink cap, a purple shirt, blue pants, and a blue backpack, is walking up a set of stairs. On the right, a man with brown hair, wearing a red shirt, yellow shorts, and a green backpack, is standing on the ground. They are facing each other as if in conversation. The background shows a white building with a window, a tree, and a path. The text is overlaid on the scene.

A PROSTITUCIÓN
É UN TRABALLO
COMO OUTRO
CALQUERA,
NOUṬROS TRABALLOS
TAMÉN TE EXPLOTAN.

E LOGO TI, EN
QUE TRABALLO
AGUANTARÍAS
ABUSOS FÍSICOS
E SEXUAIS A
DIARIO?



galicia



As mulleres en situación de prostitución, trata e explotación sexual sofren violencias constantes e danos na súa saúde:

- físicas (infeccións, lesións vaxinais, trauma rectal, drogas e alcol, agresións...)
- mentais e afectivas (disociación, trauma...)
- sexuais (violacións, abusos...)
- económicas (débeda, sancións, multas...)

Estas violencias son exercidas polos proxenetas e os puteros diariamente.

O feito de que estes actos sexan realizados a cambio de cartos non minimiza o inmenso dano físico e mental que sofren as mulleres sobre os seus corpos e a súa saúde mental. Non pode xustificarse como un contrato libre as violacións na súa integridade, dignidade e dereitos como seres humanos.

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista



Paradise

GRACIAS Á
PROSTITUCIÓN HAI
MENOS VIOLACIÓNS

NON, GRACIAS
Á PROSTITUCIÓN HAI
MAÍS VIOLACIÓNS



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Segundo un estudo realizado en 9 países, o 62% das mulleres en prostitución foron agredidas sexualmente/violadas.

Xustificar a violencia sexual contra algunhas mulleres para supostamente evitala noutras, é xustificar que os homes non poden controlar o seu impulso sexual e que agredir a mulleres e nenas en determinados contextos é tolerable, normalizando a violencia contra todas as mulleres.

“Non hai ningunha proba que indique que a prostitución reduce a cantidade de violacións senón que, polo contrario, diversos estudos sinalan que, en regras xerais, nas culturas onde hai prostitución hai máis violacións. En todo caso, non existe ningún outro crime, asasinato, roubo, etc., para o cal o discurso dominante diga: é un delito que non debe ser castigado, é un “delito aceptable” (Tradutoras pola Abolición).

A única forma de evitar todas as violacións é non violar.

#ExplotacionSexualEViolencia #PorQueSonAbolicionista

POR QUE SON ABOLICIONISTA?

Porque creo no respecto, igualdade e bo trato, tanto en relacións de 20 anos como de 10 minutos.

Porque soportar violencias machistas non é un traballo.

Porque a prostitución nítrese de mulleres e nenas vítimas de trata e explotación sexual.

Porque a prostitución non é sinónimo de glamour senón de desigualdade, abuso e vulnerabilidade.

Porque non é un dereito masculino consumir mulleres cando apeteza.

Porque as relacións deben ser libres, igualitarias e con desexo mutuo.

Porque ensina a vivir e sentir a sexualidade dunha forma machista e dominante.

PORQUE SON FEMINISTA

